

O QUE SE DI

Bragado, Manuel (Brétemas)

Brétemas. Notas do traballo de edición (20/02/2006)

Aniversario de Galicia encantada

.

O pasado ano dabamos noticia da posta en marcha de Galicia encantada, a primeira enciclopedia na rede da fantasía popular en Galicia. Estes días celebra o seu primeiro aniversario. Dende aquela non fixo máis que medrar e incorporar novos contidos, converténdose xa nun dos espazos máis atractivos da rede en galego. Creo que particular interese teñen os espazos dedicados á investigación e á didáctica da fantasía. Outrosí a consulta de toponimia, de lugares da Galicia desparecida e o adicado aos xogos populares. Reitero a miña recomendación a aquelas persoas que aínda non coñezan sitio tan marabilloso.
Beizóns para o traballo de Antonio Reigosa e o equipo técnico!